

O Partido Socialista asume unha profunda renovación en Folgoso do Courel con Carmen Álvarez como candidata á alcaldía

Así o acordou por unanimidade a agrupación local nunha reunión mantida recentemente, e na que a alcaldable asumiu publicamente o compromiso “de impulsar dende o primeiro día accións para devolver ao veciños a dignidade que perderon co Partido Popular”

Recoñece que chega á política coa vontade “de sumar e de traballar dende o respecto e a responsabilidade, e coa esperanza e a ilusión de sumar nun proxecto común os intereses da cidadanía”. Para elo, manifesta que o seu proxecto “será un proxecto aberto e transparente”

Natural deste municipio, co que mantén dende sempre un forte vínculo e ao que acude con asiduidade, destaca por ser unha persoa con gran prestixio social e profesional na contorna, pois dende hai unha década é a directora do centro da Seguridade Social de Sarria

FOLGOSO DO COUREL, 25 DE MARZO DE 2015.- O Partido Socialista asume unha profunda renovación en Folgoso do Courel con Carmen Álvarez Álvarez como candidata á alcaldía. Así o acordou por unanimidade a agrupación local nunha reunión celebrada recentemente, e na que a alcaldable asumiu publicamente o compromiso “de impulsar dende o primeiro día accións para devolver aos veciños a dignidade que perderon co Partido Popular”.

Neste senso, Carmen Álvarez recoñece que chega á política coa vontade “de sumar e de traballar dende o respecto e a responsabilidade, e coa esperanza e a ilusión de sumar nun proxecto común os intereses da cidadanía”. Para elo, manifesta que o seu proxecto será “un proxecto aberto e transparente”.

Ábrese unha nova etapa

Coa súa elección ábrese así unha nova etapa para os socialistas deste municipio. Para elo, a nova candidata ofrece “traballo intenso”, xa que existe, di, “unha forma de gobernar distinta”. Asimesmo, subliña que a súa candidatura “será unha alternativa de goberno real”. “Non vai a ser unha persoa, senón un equipo, un traballo conxunto e coordinado. Seremos a voz de todos os grupos e de todos sectores parroquiais e sociais; en definitiva, un equipo volcado cos cidadáns”, engade.

Datos da candidata

Natural deste municipio, co que mantén dende sempre un forte vínculo e ao que acude con asiduidade, destaca por ser unha persoa con gran prestixio social e profesional na contorna, xa que dende hai unha década é a directora do centro da Seguridade Social de Sarria; organismo ao que pertence dende 1.981 e no que ocupou distintos cargos de responsabilidade.